

INSTRUCCIÓN AOS PROVEEDORES PARA Á FACTURACIÓN AO CONCELLO DE SADA

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público determinou distintas obrigas para as administracións públicas, entre as que se atopa o establecemento do punto xeral de entrada de facturas electrónicas. Asimesmo, a partir do día 15 de xaneiro de 2015 establécese a obriga para certos provedores municipais do uso da facturación electrónica nas súas relacións coas administracións públicas.

En base o dito e para facilitar a implantación da nova normativa o Concello de Sada publica as seguintes instrucións:

Obrigados á facturación electrónica.

En aplicación das previsións contidas no artigo 4 da Lei 25/2013 e o Decreto de alcaldía estarán obrigadas ao uso da factura electrónica as seguintes entidades en operacións superiores aos 5.000 € (IVE excluído):

- Sociedades anónimas
- Sociedades de responsabilidade limitada
- Persoas xurídicas entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria
- Unions temporais de empresas;
- Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensions, Fondo de capital risco, Fondo de inversións, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de inversións

As citadas entidades deberán contar cun certificado electrónico dos aceptados pola plataforma @firma e tramitarán as súas facturas electrónicas destinadas ao Concello de Sada a través da plataforma electrónica "FACE: Punto General de entrada de Facturas Electrónicas" da Secretaría de Estado das Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No seguinte enlace <https://face.gob.es> accédese ao citado portal no que os provedores poderán:

- Obter a información e soporte necesarios para a remisión de facturas electrónicas
- Descargar unha aplicación gratuita para a xeración de facturas electrónicas
- Remitir ao Concello de Sada facturas electrónicas
- Consultar o estado das facturas electrónicas remitidas

As facturas expedidas para a súa tramitación polo Concello de Sada deberán conter os datos ou requisitos previstos nas normas de xeral aplicación e ademais deberán expresar a seguinte información relativa ao órgano xestor, oficina contable e unidade tramitadora:

Órgano xestor	Concello de Sada	Código DIR3: L01150755
Oficiña contable	Oficiña contable	Código DIR3: LA0004375
Unidade tramitadora: a que corresponda das seguintes	Goberno municipal	Código DIR3: LA0004371
	Administración Xeral	Código DIR3: LA0004373
	Servizos económicos	Código DIR3: LA0004374
	Policía Local	Código DIR3: LA0004382
	Servizo Municipal de emerxencias	Código DIR3: LA0004385
	Urbanismo e infraestruturas	Código DIR3: LA0004387
	Servizos de mantemento	Código DIR3: LA0004388
	Servizos sociais	Código DIR3: LA0004390
	Educación	Código DIR3: LA0004391
	Cultura	Código DIR3: LA0004392
	Deporte	Código DIR3: LA0004393
	Promoción económica	Código DIR3: LA0004394
	Turismo	Código DIR3: LA0004396

O código de unidade tramitadora a incluír na factura deberá ser facilitado polo departamento municipal que realiza a contratación. En caso de dúbida pódense poñer en contacto co servizo de contabilidade.

Non obrigados a facturación electrónica

As persoas físicas, entidades non relacionadas no apartado anterior e as entidades relacionadas no apartado anterior para facturas de importe inferior aos 5.000 € (IVE excluído) non están obrigados á facturación electrónica.

Os suxeitos non obrigados a facturación electrónica poderán facer uso voluntario do procedemento nas condicións expostas no apartado anterior.

Os suxeitos non obrigados á facturación electrónica que opten pola facturación en papel deberán presentar a factura no rexistro xeral do Concello de Sada. No caso de facturas en papel a oficiñas de rexistro verificará que a mesma contén os datos identificativos relativos ao órgano xestor, oficiña contable e unidade tramitadora descritos no apartado anterior e a remitirá á oficiña contable